



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

BONO CULTURA

O luns día 18 de outubro de 2021 saíu publicada no DOG a orde do 8 de outubro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, a través dos bonos culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

BENEFICIARIOS

Persoas físicas maiores de idade, empadroadas nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

CARACTERÍSTICAS DO BONO

O obxectivo do programa Bono Cultura é incentivar a demanda cultural e fomentar o consumo nos establecementos culturais adheridos á campaña. A través dos bonos culturais subvenciónase a compra dos seguintes produtos culturais nos establecementos de Galicia adheridos ao programa:

- Música gravada en formato CD, vinilo, etc.
- Produtos audiovisuais en formato físico (películas,...)
- Libros e videoxogos.
- Entradas para salas de cine, concertos de música e para espectáculos escénicos.
- Entradas para calquera tipo de institución cultural (museo, casa-museo, etc.), e para a adquisición de calquera outro tipo de ben cultural.

Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono que poderá ser usado nun ou en varios dos establecementos adheridos ao programa.

Cada bono terá a consideración de **bono desconto por un valor de 50 euros** por usuario para as compras nos establecementos adheridos. O importe do bono irase reducindo, ata o seu esgotamento, en función do valor da compra, de acordo co seguinte criterio:

- Desconto do 50 % da compra realizada ata un máximo de desconto de 50 euros.

PRAZO DE SOLICITUDES:

Para a solicitude e obtención dos bonos, cada usuario deberá darse de alta na web <https://www.bonocultura.gal>. Os bonos estarán dispoñibles na citada web para a súa descarga polos usuarios a **partir do 1 de novembro de 2021 e serán válidos ata o 31 de decembro de 2021.**

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 21 de outubro de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

